

CRITERIOS DE AVALIACIÓN
2019
FUNDAMENTOS DA ARTE II (Cód. 50)

Na proba propóñense dúas opcións: en cada unha delas propónse unha análise comparativa de dous momentos artísticos característicos. Coa intención de que sexan máis evidentes as súas diferencias, intentarase buscar dúas obras coas que o alumnado poida establecer rapidamente conclusións. Valorarase a claridade expositiva.

A puntuación máxima da proba é de **10 puntos** e distribuirase da maneira seguinte:

1º) Na **primeira** cuestión a puntuación total será de **3 puntos** e nela teranse en conta os seguintes contidos:

- a) **Situar** aos dous **artistas** propostos, no seu **contexto histórico (económico, social, cultural, ...)**. **(Ata 1,5 puntos)**.
- b) **Determinar a traxectoria** artística dos dous **autores** propostos. **(Ata 1,5 puntos)**.

2º) Na cuestión **segunda** a puntuación total será de **3 puntos** e nela teranse en conta os seguintes contidos:

- a) **Describir o estilo** da primeira obra proposta, e determinar as súas **características formais**. **(1,5 puntos)**.
- b) **Describir o estilo** da segunda obra proposta, e determinar as súas **características formais**. **(1,5 puntos)**.

3º) Na cuestión **terceira** a puntuación total será de **4 puntos** e nela pídese que, como consecuencia da análise realizada nas anteriores cuestións, se elabore un comentario ou reflexión persoal das obras propostas atendendo: ao contido simbólico, á execución técnica, á composición e áctitude expresiva do artista, etc.